Sprint MOTOR

REVISTA DECANA EN GALEGO 23 1995 - 2018

A ACTUALIDADE DO MOTOR [NADAL 2018] Nº 262 - ANO XXIII www.sprintmotor.com

16ª EDICIÓN PREMIOS SPRINT MOTOR

Novo Kia Ceed

Un pasiño máis

Consumo combinado (l/100 km): 3,7-4,3. Emisiones CO_2 (g/km): 86-100.

PVPR Kia Niro 1.6 HEV Concept (incluido impuestos, transporte y acciones promocionales). No incluye gastos de gestoría ni matriculación. Oferta aplicable para clientes particulares que financien con Banco Cetelem S.A.U. un importe mínimo de 10.000€ a través de la campaña Flexiplan, a un plazo mínimo de 36 meses y con una permanencia mínima de 36 meses. Oferta incompatible con otras ofertas financieras, válida hasta el 31/12/2018 en concesionarios de Península y Baleares. Financiación sujeta a estudio y aprobación por parte de la entidad de crédito. No se incluyen los gastos asociados a financiación (Comisiones, Intereses o Programas de Seguro). Consulta condiciones en www.kia.com. Modelo visualizado no se corresponde con el ofertado. *Consultar manual de garantía Kia.

COMPOSTELA CONCESIONARIO

Avda. Isaac Peral, 4. Pol. Ind. del Tambre
15890 Santiago de Compostela
Tel.: 981 30 71 46

Avda. Finisterre, 18 - Bajo
15270 Cee. A Coruña
Tel.: 664 855 403

Pol. De Xaras, 83. Ctra. Ribeira-Porto do Son
15960 Ribeira. A Coruña
Tel 981 87 22 56

www.compostelaconcesionario.es

COMPOSTELA CONCESIONARIO

#57

Conducir hasta la base de un arcoíris

#TheSwiftList
¿Cuál es tu lista?

Descubre más en suzuki.es

NOYAMOTOR
Pol. Ind. del Tambre - Vía Edison, 3
SANTIAGO DE COMPOSTELA
TEL. 981 577 726

SUMARIO

NOVAS 6

+

6 O AUDI E-TRON GT CONCEPT DEBUTA NA CAPITAL DO CINE

SUBARU XV 1.6 EXECUTIVE PLUS

7 COMPOSTELA CONCESIONARIO PRESENTOU O OPTIMA SW

SKODA SCALA

8 O HONDA CR-V HYBRID CHEGA EN 2019

NOVO CROSSOVER FORD FOCUS ACTIVE

9 O TESLA MODEL 3 NON SAE BARATO

SCHAEFFLER MOSTRARÁ OS SEUS COMPOÑENTES INTELIXENTES

10 OITAVA XERACIÓN DO PORSCHE 911

PEUGEOT 508 SW

12 NOVO JEEP GLADIATOR 2020

SECCIÓNS

EDITORIAL	3
DÚAS RODAS	4
PREMIOS SPRINT MOTOR	5
COMPOSTELA	6
SEGURIDADE	14
RETROVISOR	26
COMPETICIÓN	29

PROBA » NOVO KIA CEED 16

REPORTAXE » RETRO CLÁSICA BILBAO 2018 20

RETROVISOR » O PRIMEIRO MODELO DE SEAT 27

NOVAS » 6, 8, 9, 10, 12, 13 6

ACTUALIDADE » A CIBERSEGURIDADE NOS AUTOMÓBILES 25

Venta Online

Novo

Hijos de C. V. Otero, S. L.

c/ Gómez Ulla
Santiago de Compostela
Tfno.: 981 561 740 • 981 562 001 • Fax: 981 588 070

125 ANIVERSARIO 1887-2012

Editor:
Arrincamos, S.L.

Director:
Xurxo Sobrino Morán

Redactores e Colaboradores:
Miguel Cumbraos, Ramón Novo, Sevi Martínez, Antón Pereira, Fernando Cuadrado, Xabier Vilariño, Xosé Arufe, Luis Penido, Luís Rivero de Aguilar, Uxía Queiruga, Ana Costoya.

Deseño e maquetación:
Juan Feáns

SPRINT MOTOR:

Sprint MOTOR

Avda. da Liberdade, nº16, 4ºA
15706 - Santiago de Compostela
Tfno. e Fax 981 801 458
redaccion@sprintmotor.com
www.sprintmotor.com

IMPRIME: Gráficas Garabal.
Depósito Legal: C–138/97

EDITORIAL

Máis loucura

En anteriores editoriais manifestamos a confusión que se está a crear polas distintas institucións, tanto nacionais como europeas, que son as encargadas de lexislar sobre distintos aspectos da automoción. Pois ben, todo o dito foi pouco e agora parece que empezamos a recoller os froitos, amargos, destas tomas "precipitadas" de decisións. Tempo houbo para preparar a transformación do sector cuns prazos máis longos e tranquilos. Agora os tempos parece que nos arroian por unha mala e irreflexiva planificación, por chamalo dalgún xeito.

As grandes compañías do motor comezan a afinar as súas engrenaxes para coller o ritmo lexislativo destes tempos. Os resultados non poden ser máis pesimistas. Por exemplo, a gran General Motors anunciou o mes pasado un reaxuste de persoal de 15.000 traballadores. Ou sexa, 15.000 parados máis se a reestruturación do cadro de persoal queda aí e non vai a máis. E se alguén está a pensar que isto non lles afecta está errado. Pois os plans das plantas produtoras que están instaladas no noso país é o dunha severa redución de xornadas laborais, para desta maneira comezar a acompasar as súas cadeas de produción as novas normativas e demandas dos consumidores. Dende que a nosa ministra dixo a célebre frase de "os diésel teñen os días contados" a demanda dos vehículos de gasóleo, como non podía ser doutro xeito, caeu en barrena. Do que non se decatou é de que as fábricas estaban programadas para producir máis vehículos de gasóleo que de gasolina, porque o mercado así o demandaba. Os fabricantes teñen o capricho de compracer a demanda dos usuarios, que riquiños son! O efecto inmediato despois da intervención da ministra foi que as factorías se están volvendo tolas para reaxustar as súas cadeas de produción. Un xigantesco esforzo.

Por se todo isto non abondase, agora tócalle as gasolineiras "poñerse as pilas", e nunca mellor dito, pois a partir duns certos números de facturación terán que converterse, por decreto lei, en electrolineiras. Hai que ter claro que a electrificación vai restar, tamén, postos de traballo nas estacións de repostaxe. Segundo algúns economistas, se nós temos un vehículo eléctrico, moitas das recargas farémolas na nosa propia casa, no aparcadoiro do noso traballo ou dun público (se están preparados), coa conseguinte redución de carga de traballo para as actuais gasolineiras.

Así podemos comprender que nunha enquisa deste verán en EEUU (con máis de 10.000 entrevistas), a maioría de profesionais que traballan en concesionarios de automóbiles non se vían traballando neles de aquí a medio prazo. Internet, as novas formas de comercio e o cambio de modelo fainos ser pesimistas sobre a súa continuidade laboral no sector do motor. Un sector que antano era un posto de traballo practicamente vitalicio.

Dende logo mentres que as institucións lexislativas non falen, e se poñan de acordo, co resto dos actores da automoción a loucura irá en aumento. Os efectos serán nefastos para moitos dos traballadores e empresarios do sector, que corren un risco moi alto de quedarse fóra do mercado laboral, porque moitas das empresas e de postos de traballo perdidos no sector serán irrecuperables. Máis loucura.

Este Invierno
Por la compra de un juego de escobillas limpiaparabrisas Bosch
Consigue una tarjeta
¡RASCA Y GANA!
¡Todas tienen premio!
Puedes conseguir uno de estos regalos:
linternas led para bicicleta, bolígrafos USB 4 Gb, medidores láser, líquido limpiaparabrisas, niveles de burbuja, rascadores de hielo, guantes táctiles o descuentos en juegos de escobillas limpiaparabrisas Bosch.
Campaña válida del 19 de Noviembre al 31 de Diciembre de 2018 y/o hasta agotar la existencia de regalos.
AutoCrew - Red de talleres multimarca y multiservicio.
Confía en nuestra calidad.
Te esperamos!

Compostela Car Service
C/ Vía Faraday, 21 - 15890
Polígono del Tambre
Santiago de Compostela (A Coruña)
Tel.: 981 581 899 / 608 226 676
Mail: compostelacarservice@autocrew.es
AUTO CREW

Perico Delgado gañou a carreira das "Vellas Glorias"

■ MIGUEL DEL MORTIROLO | TEXTO E FOTO

A carreira das "Vellas Glorias" disputouse o pasado oito de decembro en Boiro, nun ambiente de festa onde se congregaron varios centos de persoas. Entre os ciclistas que competiron estaban: Perico Delgado, Gustavo César Veloso, Delio Fernández, Eladio Jiménez, Álex Marque, Ezequiel Mosquera, Javier Pascual, Óscar Pereiro, Álvaro Pino, Gonzalo Rabuñal, Chechu Rubiera, Marcos Serrano, José Ángel Vidal e outros ciclistas veteranos.

Primeiramente disputouse unha contrarreloxo individual, onde participaron só algúns ciclistas, o máis rápido foi o deportista, máster 50, Mario Castro.

Na carreira en liña participaron uns oitenta ciclistas, o percorrido constaba dun quilómetro douscentos metros, ao cal se daban trinta voltas. Nas primeiras voltas Eladio Jiménez e Javier Pascual intentaron irse en fuga pero non o conseguiron.

Por outra banda, Óscar Pereiro e Álvaro Pino tamén estiveron moi activos e durante varias voltas rodaron en fuga. Perico tamén atacou e logrou unírselles. Do pelotón tiraban varios ciclistas entre eles destacaban Delio Fernández, Gustavo Veloso e Álex Marque.

Tamén cabe destacar a actuación do presidente da Federación Galega de Ciclismo, Juan Carlos Muñíz, que logrou coller á fuga e ata estivo tirando dela. Ao final a proba resolveuse nun sprint moi apertado entre Perico e Eladio Jiménez, o segoviano logrou o triunfo grazas o último golpe de ril.

Novos BMW C 400 X e C400 GT

Hai unhas semanas BMW presentou o novo C 400 GT, a versión Gran Turismo do *scooter* C 400 X e co que a marca completa a gama no segmento de cilindrada media. Os dous están concibidos para percorrer a cidade ou gozar dunha escapada despois do traballo ou durante a fin de semana.

Os novos *scooter* de media cilindrada terán un prezo de 6.850 € para o novo C 400 X e de 7.950 € para o novo C 400 GT (con 3 anos de garantía incluídos). O novo C 400 X chegará aos concesionarios este mes e a versión GT se lanzará no primeiro semestre do 2019.

Aproveitando a chegada do novo C 400 X, BMW pon en marcha unha campaña de lanzamento para unidades limitadas. Todos os que fagan o seu pedido este ano, poderán levar a opción Connected Ride incluída (valorada en máis de 660 €) e coa que poderán gozar dunha pantalla de TFT de 6,5" así como de todo o equipamento de conectividade incluído.

Steel Carbon

O Steel Carbon é un casco compacto, coa calota externa realizada enteiramente en fibra de carbono e compatible con Neck Brace. Con só 940 gramos de peso está entre os cascos máis lixeiros do mundo do *off- road*. Con tomas de aire frontais e traseiras que permiten unha aireación continua do interior *soft touch*.

Ten, entre outras características, zona da protección nasal máis ampla para protexer mellor o nariz de ramas ou sucidade, viseira regulable, correa de peche con dobre argola, acolchado con Confort System que envolve a correa para garantir un óptimo axuste e estabilidade do casco e permite desmontala e lavala facilmente, dobre calota e ventilación no papo. O prezo é de 400 euros.

Novo motor eléctrico E-P3

Polini Motori presentou o motor eléctrico E-P3 con batería dual de 1000 Wh e autonomía de 420 km montado en MTB e *road bike*.

Esta novidade destaca pola súa extraordinaria autonomía, que supera os 400 km e garante un rendemento a longo prazo grazas á posibilidade de aproveitar a batería dual. Non hai que esquecer a versatilidade do motor EP3, pensado e desenvolto para a bici de estrada, categoría na que é importante reducir ao mínimo o peso e o volume, as súas características fan que sexa perfecto para montalo en todos os tipos de *e-bike*.



16ª EDICIÓN PREMIOS SPRINT MOTOR

Un ano máis volvemos cos nosos Premios. Chegou o momento de decidir. Durante os números de Nadal e xaneiro, como xa viña sendo habitual na nosa revista, os lectores e lectoras poderán votar os vehículos e piloto que eles consideran que deben levar os Premios *Sprint Motor* 2019.

A participación de todos e todas vós é fundamental, é o reflexo da importancia de ver estas páxinas impresas mes tras mes, algo que nos dá pulo para facer as cousas mellor e poñer toda a "gasolina" ou "electricidade" que faga falta. Vós decidiredes cales son os tres vehículos e o piloto merecedores dun galardón. A industria automobilística mundial, un ano máis, vai facer que esta elección sexa complicada pois a cantidade de novidades presentadas este ano fan máis complexo peneirar para elixir un en cada categoría. A elección do piloto tampouco será unha tarefa doada, pois Galicia ten unha gran canteira de pilotos.

Para nós esta décimo sexta edición é unha alegría, pois chegar a ela despois deste ano tan complexo e convulso, onde xa non sabemos se mercar un vehículo de gasolina, gasóleo, eléctrico... Por iso, agardamos que este pulo que supón para a revista estes premios se reflicte en todos os sectores do motor para que 2019 sexa un ano "clarificador". Agardamos que así sexa.

Nesta edición temos unha novidade. Substituímos o anterior trofeo ao monovolume por un máis actual, o do automóbil "ecolóxico". Nesta modalidade pódese votar calquera coche que incorpore unha fonte de potencia de transmisión ás rodas eléctrica.

Para participar na 16ª Edición dos Premios *Sprint Motor* hai que encher o boletín e envialo á redacción da revista. Este formulario sairá nos números de Nadal e no de xaneiro. Os nomes dos vehículos gañadores e persoas ou entidades premiadas publicaranse no número de febreiro (nº 264).

Con esta nova edición queremos unha vez máis premiar o traballo e a ilusión das persoas que contribúen a diario a facer máis grande e mellor este mundo tan apaixonante do motor. Con esta filosofía naceron xa hai dezasete anos os galardóns *Sprint Motor,* para premiar sobre todo, a través dos/as nosos/as lectores/as, a todos eses homes e mulleres que traballan de arreo por mellorar o noso deporte e a nosa industria do motor. Nesta edición os galardóns que se outorgarán son os seguintes:

COCHE SPRINT MOTOR 2019
ECOLÓXICO SPRINT MOTOR 2019
TODOTERREO/SUV SPRINT MOTOR 2019
PILOTO SPRINT MOTOR 2019
GALARDÓN SPRINT MOTOR 2019

Os gañadores das distintas categorías serán elixidos polos lectores, agás o "Galardón *Sprint Motor* 2019" que será concedido pola redacción do xornal á persoa ou entidade que co seu labor contribuíse a mellorar o mundo do motor nalgún dos seus diversos aspectos.

A participación dos/as nosos/as lectores/as e amigos/as nas votacións ten unha compensación en forma de premios, exactamente temos cinco estupendas camisolas racing, xentileza de **STARK by Ausavil,** que sortearemos entre todos/as os/as participantes. Concursar é moi sinxelo só tedes que cubrir o boletín e envialo á redacción de ***Sprint Motor:***

Avenida da Liberdade nº16, 4ºA 15706 – Santiago de Compostela
Este cupón sairá nos números 262 (Nadal) e 263 (xaneiro).
Tamén poderá facerse enviando o boletín a **redaccion@sprintmotor.com**
O resultado das votacións publicaranse no número 264,
correspondente ao mes de febreiro de 2019.

Máis información en www.sprintmotor.com

16ª EDICIÓN PREMIOS

Sprint MOTOR

Coche SM 2019: _____

Ecolóxico SM 2019 _____

Todoterreo/SUV SM 2019 _____

Piloto SM 2019 _____

Nome _____

Teléfono _____

Enderezo _____

_____

Para participar enviar o cupón a:
Avenida da Liberdade nº16, 4ºA 15706 – Santiago de Compostela

NEUMÁTICOS PERNAS

VENDA • REPARACIÓN
• MONTAXE E EQUILIBRADO • ALIÑADO ELECTRÓNICO •
LAMIAS DE ALIAXE LIXEIRA

NEUMÁTICOS PERNAS: Milladoiro. Tel.: 981 53 62 55 - SANTIAGO DE COMPOSTELA
NEUMÁTICOS PONTEVEA: Pontevea – Teo (A Coruña). Tel.: 981 80 90 49 - Fax: 981 80 91 78

O Audi e-tron GT Concept debuta na capital do cine

O Audi e-tron GT Concept acaba de converterse no primeiro sedán completamente eléctrico da marca dos catro aros. Audi presentou ao seu vehículo estrela, que verá a luz no 2020, no Salón do Automóbil de Los Ángeles.O que máis chama a atención del é o sistema de propulsión totalmente eléctrico composto por unha parella de motores que ofrece unha potencia combinada de 590cv (434 kW) coa que é capaz de poñerse nos 100 km/h en 3,5 segundos.

Subaru XV 1.6 Executive Plus

O novo XV 1.6 Executive Plus ofrece o máximo equipamento de seguridade e confort na gama Subaru dende 26.400 €, coa campaña comercial aplicable de 1.700 € incluída. Substitúe á actual versión Executive e incorpora agora teito solar, asentos de coiro e reglaxe eléctrica do asento do condutor ao completo equipamento que presentaba ata agora o acabado Executive: EyeSight, sistema de detección de vehículo traseiro e ángulo morto SRVD, asistente de feixe de luz HBA, chave de acceso intelixente con botón de arrinque e acceso mediante código PIN.

O motor *bóxer* de 1.6 litros é de distribución variable e emprega unha cadea de distribución para un menor custo de mantemento. Cunha potencia de 114 cabalos, asociado exclusivamente á transmisión automática Lineatronic, que optimiza a resposta do motor ao longo de toda a gama de revolucións, ofrecendo unha suave e lineal entrega de potencia, coa posibilidade de acurtar o desenvolvemento do cambio para unha resposta máis deportiva a través da función Low.

Toyota Aygo x-clusiv

Coa súa carrozaría bi-ton 'x-azul metalizado' e teito negro, o novo Aygo x-clusiv presenta unha imaxe xuvenil e desenfadada. Os seus elementos distintivos preséntanse tanto no exterior como no interior. Exteriormente, o Aygo x-clusiv diferénciase non só pola súa cor da carrozaría única senón tamén polas súas lamias de aliaxe de 15" con acabado bi-ton e dez radios dobres e por equipar cristais traseiros escurecidos. No habitáculo distínguese pola súa tapizaría de coiro parcial, o seu cadro de mandos e consola central de cor gris cuarzo e as súas saídas do sistema de climatización en ton negro piano. Dentro do seu equipamento inclúen ademais Sistema de Seguridade Precolisión e Avisador de Cambio Involuntario de Carril, sensor de luz, climatizador, limitador de velocidade, seis *airbag* e Control de Estabilidade e Control de Tracción.

Este Toyota complementa á outra edición especial dispoñible actualmente, o x-cite e a súa distintiva cor 'x-maxenta metalizada' en contraste co seu teito en negro. Ambas edicións comparten tamén prezo, xa que se comercializan por 11.900 € ou 110 € con Pay Per Drive, o financiamento de pago por uso de Toyota España.

Compostela Concesionario presentou o Optima SW

O director comercial de **Compostela Concesionario** (concesionario oficial Kia), **Manuel Lorenzo,** foi o encargado de presentarnos a última novidade chegada á súa exposición, o Kia Optima SW.

Este familiar ten unha lonxitude de 4.855 milímetros, unha anchura de 1.860 mm e unha altura de 1.470 mm. O seu maleteiro cubica 553 litros. Se precisamos máis espazo só temos que encartar a segunda fila de asentos. Esta é unha versión renovada do anterior Optima, tanto na carrozaría *sedán* como na familiar. Os cambios exteriores son moi sutís, pero a gama mecánica dá a benvida a dous novos bloques turboalimentados de 1.6 litros, un de gasolina e outro de gasóleo.

Os prezos para este novo SW parten de os 32.280 euros, do 1.6 CRDi VGT Concept Eco-Dyn, e chegan ata os 47.250, do 2.0 GDi Híbrido Enchufable.

Skoda Scala

Cun novo carácter, unha nova tecnoloxía e un novo nome, o Scala redefine por completo o segmento dos coches compactos para a marca, segundo nos explicou **Ramón Cancela,** director comercial de **Bonaval Móvil** (concesionario Skoda en Santiago). O nome Scala procede do latín e significa 'chanzo'. Transfire por primeira vez a sensacional linguaxe de deseño do prototipo Vision RS a un vehículo producido en serie. Están dispoñibles cinco variantes de motores, con potencias dende os 90 ata os 150cv. Ademais, ofrece un alto nivel de seguridade activa e pasiva, faros dianteiros e traseiros *full*-LED, gran cantidade de espazo para pasaxeiros e equipaxe, e numerosas características Simply Clever. O Control de Chasis Deportivo está dispoñible como opción. Chegará no primeiro semestre de 2019.

III PAPANOELADA—MOTEIRA SOLIDARIA

Sábado 22 de decembro

Ruta polas rúas de Santiago de Compostela

Se queres colaborar, podes levar os alimentos ou xoguetes a calquera dos establecementos colaboradores ata o dia 20 de decembro.

Se te queres unir á CARAVANA MOTORIZADA, podes vir con calquera motocicleta ou scooter.

Imprescindible levar traxe de PAPANOEL y traer una bolsa de alimentos non perecedeiros e 1 xoguete.

ORGANIZA

MOTOCLUB COMPOSTELA

RAIGAME

Praza do Obradoiro-San Francisco-Xoan XXIII-Praza da Paz-Pastoriza-Basquiños-San Roque-Rodas-Aller Ulloa-Virxe da Cerca-Ensinanza-Senra-Xoan Carlos I-Rosalía de Castro-Romero Donallo-Santiago de Chile-Praza de Vigo-Rúa Nova de Abaixo-Montero Ríos-Doutor Teixeiro-Praza Puente Castro-Xeneral Pardiñas-República de El Salvador-Praza Roxa-Frai Rosendo Salvado-Ramón Cabanillas-República Arxentina-San Pedro de Mezonzo-Praza Roxa

O Honda CR-V Hybrid chega en 2019

O novo Honda Comfortable Runabout Vehicle (CR-V) Hybrid chega a Europa preparado para superar toda expectativa. Por primeira vez, un SUV de Honda está dispoñible como vehículo híbrido. Chega máis amplo e versátil que nunca, con 2 km de autonomía en modo eléctrico, unha batería de 1 kW e a buscada etiqueta ECO. Estará dispoñible a partir de febreiro cun prezo de saída de 34.200 euros. Dende o lanzamento do primeiro modelo en 1995, o Honda CR-V foise superando xeración tras xeración e, con este novo modelo, marca un punto de inflexión xa que se trata do primeiro SUV híbrido-gasolina que a firma nipona lanza en Europa.

Novo *crossover* Ford Focus Active

Ford lanza a súa alternativa aos *crossover* urbanos e aos SUV compactos: os novos Focus Active tipo *crossover*, un exitoso modelo no plano estético que contará coa versión cinco portas e familiar. A carrozaría adquire un corte máis aventureiro, modifícase lixeiramente o chasis para potenciar a dinámica, gaña espazo no seu interior e o modelo familiar amplía a súa capacidade de carga. Este terceiro modelo, que se suma aos Fiesta Active e KA+ Active, conta cos motores EcoBoost de 1.0 litros e 1.5 que ofrecen unha potencia de ata 182cv e os diésel EcoBlue de 1.5 litros e 2.0 con potencias de ata 150 cabalos.

BREVES

Audi España convoca unha nova edición do Audi Creativity Challenge, a competición de ideas que ten como obxectivo potenciar a creatividade e as actitudes innovadoras entre os adolescentes.

O incremento das vendas de vehículos de gasolina (un 31% dende xaneiro, segundo Anfac) provocou que as emisións de CO2, principal causante do efecto invernadoiro, subisen por 1ª vez en dez anos durante 2017 (116 gr/km).

Coa compra de celas de baterías por máis de 20.000 millóns de euros, Mercedes-Benz está a impulsar a transformación cara ao futuro eléctrico da empresa.

Harvey Samuel Firestone, nado en decembro de hai 150 anos, pasou dunha humilde granxa de Ohio a liderar unha das principais compañías do mundo de fabricación de pneumáticos.

O Goberno presentou a "Campaña de Vialidade Invernal na Rede de Estradas do Estado 2018-2019", que se afronta cun certo incremento de medios materiais e humanos respecto á pasada campaña.

Europcar Mobility Group, a través dun acordo con Telefónica, iniciou en España ou seu proxecto global Coches Conectados, a través do que conectará 1.000 automóbiles en Palma de Mallorca.

Porsche amplía a súa gama de SUV compactos coa incorporación do potente Macan S. Esta variante leva o novo motor V6 turbo gasolina de tres litros (354cv).

O Audi A1 Sportback xa chegou

Audi inicia a comercialización da segunda xeración do Audi A1 Sportback no mercado nacional co motor 1.0 TFSI de tres cilindros e 85kW (116cv) cun prezo recomendado de 21.940 euros co cambio manual de seis velocidades e de 23.810 euros con cambio S tronic de 7 marchas. Nas vindeiras semanas, a gama completarase co lanzamento do resto de motores con potencias compendidas entre os 70kW (95 cv) e os 147 kW (200cv).

O Tesla Model 3 non sae barato

O prezo final do Tesla Model 3 no noso país non será o que se di "económico". Polo menos o da versión Long Range Dual Motor, que é a primeira en chegar. O seu prezo parte dos 59.100 €, extras a parte. A outra versión que se poderá adquirir tampouco fai honra ás intencións de Elon Musk de lanzar un coche eléctrico "popular". Trátase do Model 3 Performance, que tamén ten a batería grande combinada coa tracción ás catro rodas e os dous motores, pero máis deportivo.

Tesla empezará a aceptar pedidos do Model 3 dentro dunhas semanas. Un proceso que comezará cos clientes que fixesen a reserva do coche na web de Tesla. En febreiro chegarán as primeiras unidades. A versión máis económica con tracción traseira e un só motor, en EEUU, ten un prezo duns 32.000 €.

Schaeffler mostrará os seus compoñentes intelixentes

A mobilidade eléctrica é un dos temas chave no CES 2019. Schaeffler estima que para o ano 2030, ao redor do 30% de todos os automóbiles de pasaxeiros novos serán totalmente eléctricos, mentres que un 40% serán de propulsión híbrida. O 30% restante só empregará un motor de combustión interna convencional. É dicir, o 70% de todos os coches de pasaxeiros usarán polo menos un motor eléctrico como fonte de propulsión. No CES, este fabricante exhibirá innovacións que van desde un módulo híbrido ata o concept car de altas prestacións o "4 ePerformance" (1.200cv).

Seat Tarraco

O Tarraco foi deseñado e desenvolto en Martorell e prodúcese en Wolfsburg (Alemaña). Este modelo coroa a gama de SUV de Seat e utiliza a plataforma MQB-A LWB (batalla longa) do Grupo VW. Ten unha gran versatilidade grazas ás súas 7 prazas e un gran maleteiro (en configuración de 5 prazas ten 760 litros con dúas filas de asentos e ata 1.920 litros coa segunda fila abatida e, na versión de 7 prazas, dispón dun maleteiro de 230 litros coas tres filas en uso, 700 litros coa terceira fila encartada, e ata 1.775 litros con todas as filas traseiras abatidas.

Motorizacións. Este modelo conta con dúas variantes de gasolina que utilizan un bloque motor de 4 cilindros. O primeiro deles, un 1.5 TSI (150cv), vai asociado a unha transmisión manual de 6 velocidades e tracción dianteira, e alcanza unha velocidade de 201 km/h; cunha cilindrada de 1.498 cc. Tamén ofrecerá un 2.0 TSI (190cv) asociado á caixa DSG de 7 velocidades e tracción integral 4 Drive. Alcanza unha velocidade máxima, segundo o fabricante, de 211 km/h.

A oferta diésel tamén se compón de dous motores TDI de 150 e 190cv. Ambos (4 cilindros) teñen a mesma estrutura, só varía a relación de compresión. O de 150cv pode ir asociado a unha caixa manual ou automática. O de 190 vai acoplado unicamente a unha transmisión DSG de 7 velocidades e tracción 4 Drive.

GALCAR. Concesionario Oficial Honda en Galicia. *Avda. Finisterre, 275. Tel. 981 27 04 05*. La Coruña. - Vía de la Cierva, 2-4. (Pol. Ind. Del Tambre). Tel. 981 52 17 70*. Santiago de Compostela. - Ctra. de La Gándara, 294. Tel. 981 38 99 70*. Narón-Ferrol.*
**Contacte con nosotros para más información y solicitud de prueba.*

Novo Honda HR-V Sport

Honda confirma a comercialización do HR-V Sport con motor VTEC Turbo de 1.5 litros, que se prevé para o mes de abril do 2019. O HR-V Sport engade modificacións dinámicas no chasis, adopta un deseño dinámico con elementos cromados de cor negro e lamias de aliaxe de 18 polgadas, ademais das melloras no interior presentadas no HR-V 2019. Nun equilibrio entre a rixidez da carrozaría, o control da suspensión e o tacto da dirección, este novo modelo conta coa tecnoloxía avanzada de suspensión 'Performance Damper' específica para esta versión.

Oitava xeración do Porsche 911

Nace a oitava xeración do Porsche 911 cun aspecto máis musculoso, un interior que incorpora unha pantalla táctil de 10,9 polgadas e un deseño que nos leva á elegancia dos anos setenta. A potencia cobra protagonismo cos motores bóxer turboalimentados de seis cilindros con cifras de 450cv (331 kW). Cunha excelente combinación entre tradición e modernidade, Porsche incorpora a aposta pola seguridade coa función Wet, que detecta a auga do asfalto para adaptar os sistemas de control e avisar á quen leve o volante, e engade, por vez primeira, o asistente de visión nocturna con cámara de imaxe térmica. O 911 Carreira S será de 138.105 euros mentres que o 911 Carreira 4S custará 147.065 euros.

Peugeot 508 SW

Con 4,79 m de lonxitude (só 4 cm máis ca berlina e 4 cm menos co seu antecesor), o perfil do novo Peugeot 508 SW revela unhas liñas tensas e fluídas, coroadas por unha liña de teito baixa e estirada. As súas portas sen marco, algo único nun break dunha marca xeralista, permiten tanto afiar como dar un aspecto máis dinámico á silueta, ademais de reducir as superficies acristaladas. Os xogos e enrases axustáronse ao mellor nivel, mentres que as rodas se adaptaron para cubrir perfectamente os seus pasos.

En motores de gasolina haberá dúas versións co motor PureTech 1.6: o PureTech 180 S&S EAT8 e o PureTech 225 S&S EAT8. En diésel, poderase elixir entre catro versións BlueHDi, con cilindradas de 1.5 e 2.0: o BlueHDi 130 S&S 6V, o BlueHDi 130 S&S EAT8, o BlueHDi 160 S&S EAT8 e o BlueHDi 180 S&S EAT8.

ASEGAL ASESORES
Fiscal
Administrativo
Mercantil
Laboral
Subvencións
Familia
Travesia de Cacheiras Nº 25 - 1ºA -15886 Teo (A Coruña)
ASEGAL ASESORES

Talleres Sprint

Talleres BASTON

MECÁNICA EN GENERAL
Rúa Salvadas, 23
Tfnos: 981 570 182/981 585 627
SERVICIO DE GRÚA PERMANENTE
Tfnos: 981 521 719 - 981 531 498

Especialistas en ABS e Inyección
Vehículos 4x4 y accesorios especiales
Preparación vehículos de competición
y accesorios racing

BOSCH Service
Bosch Car Service

Inyección de Gasolina
Inyección Diesel
Electricidad/Electrónica
Encendido

Frenos, ABS, ESP
Mecánica de mantenimiento
Mecánica motor
Sistemas de Refrigeración

La maquinaria más avanzada en equilibrado de discos de freno
Servicio Oficial: FONOS y LUCAS

baston@adgruporegueira.es

GRILLE AUTOMOCION

Tu taller de servicio rápido y mecánica en Compostela

981 549 531
Rúa de San Cristovo, 47 (O Eixo) Santiago de Compostela

STAR

SERVICIO TÉCNICO AUTOREPARACIÓN

Cuidamos de tu vehículo, cuidamos de ti ...

VISITE NUESTRO TALLER

EG CUATRO motor

¿Necesita un coche?
Llámenos, somos especialistas.
Cualquier marca, cualquier modelo.

981 148 291 / 629 714 535
Avenida de San Marcos, nº 70, 1B - 15820 - Santiago de Compostela
www.eg4motor.es

VAYPER service

Taller multimarca
Grupo VAYPER

Rúa Sánchez Freire nº 71 (Conxo)
981 941 186

talleres pontevea

- Servizo rápido
- Mecanica
- Diagnose
- Pneumáticos
- Chapa e pintura
- Accesorios

TP

Gran variedade de turismos e comerciais de OCASIÓN. Visítanos

Lugar Igrexa de Reis, 2. Teo www.tallerespontevea.com 981 809 053 - 650 196 956 tallerespontevea@gmail.com

Novo Jeep Gladiator 2020

O novo Jeep Gladiator 2020 nace para converterse no *pick-up* de tamaño medio máis capaz da historia combinando a incomparable capacidade de remolque e a carga útil 4x4 da súa clase, dinámica de condución en estrada mellorada, seguridade para os ocupantes e avanzados sistemas de propulsión de baixo consumo. O Jeep Gladiator 2020, fabricado en Ohio, chegará aos concesionarios estadounidenses no segundo trimestre de 2019 con diferentes acabados: Sport, Sport S, Overland e Rubicon.

Nissan Leaf Nismo RC, o novo eléctrico de competición

O novo Nissan Leaf Nismo RC entra forte no mercado con máis do dobre de potencia e de par que o seu predecesor. Esta potente versión de coche de competición conta con motores eléctricos dobres, tracción total e cero emisións, o que resulta un compoñente vital da visión da Mobilidade Intelixente Nissan. O modelo ten unha carrozaría redeseñada, que gaña en agresividade, e é capaz de acelerar de 0 a 100 km/h en 3,4 segundos. Nissan só fabricará seis unidades deste novo modelo que tivo o seu debut oficial no Circuíto Internacional de Fuji (Xapón).

Personalización das carrozarías Audi

Audi continúa apostando pola personalización da carrozaría para diferenciarse dos seus competidores. Desta volta, e por primeira vez, será posible personalizar un coche de gran volume de produción a través dunha fina incisión na capa superficial da pintura creando unha imaxe mate. Os primeiros en poder gozalo serán os clientes en Alemaña e, aos poucos, irase expandindo no resto de mercados

O novo BMW M8 Coupé, xa a punto

O BMW M8 Coupé está a piques de entrar na produción en serie tras superar as últimas probas no circuíto portugués de Estoril. Está preparado para ser o modelo máis alto dunha gama que ofrecerá carrozarías cupé cun novo deseño no chasis que gaña axilidade. O motor V8 con tecnoloxía M TwinPower conta cunha potencia máxima de 440 kW (591 cv) e ven acompañado dun sistema de válvulas que maximiza o ruxido deste buque insignia da marca bávara.

DS 3 Crossback

O DS 3 Crossback mantén a aposta da marca pola personalización. Unhas posibilidades de elección que se reforzan con 9 tipos de lamias, 9 cores de carrozaría e 3 cores de teito. Baixo o seu capó é o primeiro vehículo que incorpora a última evolución do motor de gasolina PureTech (155cv) asociado ao cambio automático EAT8. Outros dous PureTech (130 e 100cv) completan a oferta de gasolina. Dous motores diésel Euro 6.2 BlueHDi de 100 e 130cv están dispoñibles dende o lanzamento.

O DS 3 Crossback comercialízase no noso país en 4 acabados (Be Elegante, So Elegante, Grand Elegante e Performance Line) e a serie especial de lanzamento Première. Os prezos arrincan nos 24.700 € do Be Elegante con motor PureTech 100 e caixa manual e culminan nos 39.100 € da serie especial Première, asociada á mecánica PureTech 155 con cambio automático EAT 8.

Innovación na suspensión do novo ES 300 h Híbrido

O novo Lexus ES 300 h Híbrido leva a un nivel superior o seu funcionamento suave grazas á innovación da estrutura da suspensión. A atención ao detalle deu lugar a un novo amortecedor con válvula oscilante, que conta cunha válvula de velocidade ultra lenta, algo sen precedentes no sector. En termos sinxelos, esta innovación garante a aplicación da forza de amortiguación oportuna cando se detecta o máis mínimo movemento nas rodas e a suspensión do vehículo. O resultado é un funcionamento confortable, e unha gran sensación de estabilidade, tanto ao arrincar lentamente como ao conducir a velocidade constante pola autoestrada. Isto conséguese grazas á forma en que se controla a circulación do aceite dentro da nova disposición das válvulas. Ademais dunha válvula principal, os amortecedores do ES 300 h contan con outra de velocidade ultra lenta, que permite que o aceite circule a unha velocidade moi reducida; a velocidades de circulación do aceite entre baixas e altas, a válvula principal ábrese para suprimir a forza de amortiguación e ofrecer así unha marcha máis suave.

Precaucións que debemos tomar no inverno

Xeadas e parabrisas

■ REDACCIÓN | TEXTO ■ CARGLASS PRESS | FOTOS

Nesta época do ano hai que prestar especial atención ao parabrisas, debido ás baixas temperaturas, ás complicadas condicións de visibilidade e ao aumento de desprazamentos polas vacacións de Nadal.

O 90 por cento da información que recibimos ao conducir chéganos a través da vista. E con néboas, chuvias e nevaradas frecuentes, é de vital importancia ter o parabrisas e as escobillas en perfecto estado. Unhas escobillas deterioradas provocan franxas ou superficies veladas no campo de visión ao accionalas, coa consecuente diminución de seguridade. Recoméndase substituílas, como mínimo, unha vez ao ano. Para conservalas no mellor estado posible se o coche pasa as noites á intemperie, é recomendable levantalas ou poñerlles un cartón debaixo. Tamén podes protexer o teu parabrisas do xeo utilizando algo tan sinxelo como o cartón.

É recomendable instalar no parabrisas un tratamento específico repelente de líquido e insectos, debido a que mellora substancialmente a visibilidade diúrna e nocturna en situacións de chuvia, facilita a limpeza; e o máis importante, no inverno evitaría a conxelación das lúas en condicións non moi extremas.

O depósito de líquido limpaparabrisas non debe encherse só con auga, para evitar que se conxelen os manguitos e se obstrúan os pulverizadores a baixas temperaturas.

Atención co xeo

Sempre hai que retirar o xeo antes de emprender a marcha. Aínda que isto pareza evidente, aínda hai condutores que arrincan con el, esperando a que a calefacción e os limpaparabrisas fagan o seu efecto, mentres percorren moitos metros sen apenas ver o que sucede diante do volante, xerando unha situación potencialmente perigosa.

Desconxelar o parabrisas con auga moi quente, ou co aire da calefacción a temperatura elevada, pode danalo seriamente polo cambio brusco de temperatura, provocando a súa rotura. E este efecto intensifícase notablemente se o parabrisas ten un impacto. Nos experimentos realizados cunha temperatura externa de -10º C, o 81 por cento dos parabrisas cun impacto rompeu en menos de cinco minutos tras acender a calefacción. A -5º, esa taxa é do 70% e mesmo a 0° C segue sendo moi alta: o 59%. Esas mesmas probas realizáronse con parabrisas reparados coa tecnoloxía desenvolta pola marca especializada Carglass e ningún rompeu. Estes estudos foron realizados en 2011 polo propio departamento de investigación e desenvolvemento do Grupo Belronâ, e por diferentes universidades e institutos, co obxectivo de ter o máximo coñecemento científico nesta materia.

> “Debemos substituír as escobillas unha vez ao ano

Para retirar o xeo, este especialista en parabrisas recomenda utilizar unha rasqueta de plástico, ou asperxer o vidro con alcol. Non é recomendable accionar os limpaparabrisas cando o vidro está xeado, pois se dana a superficie das escobillas.

A importancia das lúas

As lúas do automóbil son un elemento chave para a seguridade. En primeiro lugar, polas súas evidentes implicacións na correcta visibilidade ao volante. Non menos importante, o parabrisas achega ata un 30% dá resistencia dá estrutura do vehículo e é un elemento crave para evitar o afundimento do teito en caso de envorco. Ademais, a eficacia do airbag do acompañante está condicionada polo bo estado do parabrisas, pois ao despregarse apóiase sobre el, exercendo unha enorme presión que podería chegar a arrincalo.

Por último, a inmensa maioría dás cámaras dos sistemas de seguridade ADAS están instalados non parabrisas. Cando se substitúe un parabrisas, hai que desmontar as cámaras do cristal roto e montalas no novo. Unha vez instalados, estes sistemas han de ser recalibrados para asegurar que funcionan coa máxima precisión e proporcionan a información correcta aos sistemas de seguridade.

Axenda Sprint

TerreMoto

¡TENEMOS EL BOCADILLO QUE TE GUSTA!

Bocadillos
Sandwich
Hamburguesas
y Pollos Asados

Rosalía de Castro, 23 | Esquina Montero Ríos | ✆ 981 590 538

Gran variedad en Desayunos
y Platos Combinados

Montero Ríos, 39
Santiago de Compostela
✆ 981 593 636

Novo Kia Ceed

Un pasiño máis

■ XURXO SOBRINO | Texto
■ UXÍA QUEIRUGA | Fotografía

Este novo modelo representa un paso máis cara adiante do fabricante surcoreano. Estamos ante un compacto cada día máis europeizado. Kia, ao igual ca outros fabricantes asiáticos, buscan cada vez máis as liñas e os deseños de gustos europeos. Deste xeito, xeración tras xeración, van acertando máis co seu estilo, tanto exterior coma interior. As cifras de vendas así o confirman, curiosamente tanto no mercado do vello continente coma de outras partes do mundo. O Ceed, agora sen apóstrofo, que traemos a estas páxinas deixa claras estas liñas europeas.

Está dispoñible con catro niveis de acabado: Concept, Drive, Tech e Emotion. En concreto o do modelo que nós probamos, xentileza de **Compostela Concesionario** (concesionario oficial Kia en Santiago de Compostela), foi tiña o acabado Tech. Cunha motorización de gasolina de 100 cabalos.

Exterior e interior

Este modelo encadrado no segmento C corresponde á terceira xeración da familia Ceed. Incorpora novas e innovadoras tecnoloxías, como corresponde a un modelo actual que queira competir cóbado con cóbado coa competencia. O espazo interior foi optimizado, especialmente nas prazas traseiras. Outro dos aspectos nos que traballou a marca foi no refinamento e a supresión dos niveis de ruído, vibración e dureza, grazas a un cadro de mandos máis groso e illado, un maior illamento de ruído nos pasos de roda dianteiros e unha nova capa illante debaixo da moqueta da cabina. Tamén se redeseñaron as molduras laterais do parabrisas e se optimizaron o selado das portas para reducir o ruído do vento.

Máis baixo, ancho e cun beiril traseiro máis longo que o do modelo ao que substitúe. Este novo Kia é 20 milímetros máis ancho (ata 1,80 metros) e 23 mm máis baixo (1,47 m) que a versión anterior. A lonxitude total da carrozaría de cinco portas é de 4,31 metros. A versión familiar (Sportswagon) mide 4,60 metros de longo (95 milímetros máis que o seu predecesor), cun maior espazo de carga.

O habitáculo, máis ergonómico ca nunca, está recuberto con materiais de maior calidade cos do seu predecesor. O fabricante adaptou para este Ceed a arquitectura interior dos seus últimos modelos, cunha disposición horizontal dun cadro de mandos cunha imaxe escultural, continua e afinada. Este deseño tamén crea unha maior sensación de espazo para os pasaxeiros dianteiros, ademais de proporcionar máis amplitude para as pernas e unha visión frontal máis clara. Algo moi de agradecer.

Para todos os modelos, o cadro de mandos está dividido nunha área superior, coa pantalla táctil flotante do sistema de información e unha parte inferior que aloxa os controis para o audio, a ventilación e a calefacción. As superficies están acabadas con remates metálicos satinados ou cromados e os clientes poden elixir entre unha gama de tapizarías de tea ou mixta de tea e pel sintética.

Maleteiro

O maleteiro require dunha mención á parte, pois a súa capacidade é dos puntos que máis lle interesa aos usuarios neste segmento, e aquí neste apartado este produto de Kia non decepciona. Este novo Ceed destaca respecto ao seu predecesor por un maleteiro máis grande, cunha capacidade de 395 litros (ata 625 litros, na versión de carrozaría familiar). O bordo do maleteiro é lixeiramente máis baixo (87

> O confort e a estabilidade superan o seu antecesor

milímetros en comparación co seu antecesor), o que facilita deste xeito a carga de obxectos pesados no maleteiro. A separación en dous niveis do maleteiro permite aumentar ou diminuír a súa altura, para adaptalo á carga ou crear compartimentos. Nos laterais ten dous ocos moi prácticos para gardar algúns vultos pequenos e que non vaian rodando polo maleteiro.

Asistente de permanencia no carril

Este é un elemento de seguridade, e de comodidade, moi práctico que agora se incorpora a este compacto. Una novidade para toda a gama é a asistencia de permanencia no carril. O novo Ceed está dispoñible con asistencia para o seguimento do carril, unha tecnoloxía que detecta as liñas na estrada para que o vehículo permaneza no seu carril. Controla a aceleración, a freada e a dirección, en función dos vehículos que circulan por diante. Este sistema emprega sensores para manter a distancia de seguridade co vehículo precedente e funciona entre 0 e 130 km/h. Un elemento de seguridade que outros fabricantes só incorporan en vehículos de gamas superiores.

Conclusión

A marca surcoreana leva moito anos traballando para ter un produto robusto nun dos segmentos con máis competencia do mercado. O salto cualitativo é visible dende o exterior, a dinámica de condución mellorou considerablemente con respecto

ARRINCAMOS

Chegou o momento de coller o volante deste novo Ceed. Nada máis sentarnos no posto do piloto situámonos nunha posición cómoda grazas aos distintos axustes do asento e do volante. Tamén o copiloto encontra rapidamente a súa mellor posición, axudado polo axuste en altura do seu asento, algo que algunhas marcas *premium* seguen se ofrecer, incomprensiblemente, en moitos dos seus modelos.

En canto comezamos a marcha dámonos conta de que o cambio non vai satisfacer os nosos gustos. As tres primeiras están moi pouco escalonadas e a sexta só nos dará satisfacción en zonas llanas. Probablemente o fabricante debería revisar as relacións deste cambio manual de seis marchas. Esta caixa encaixada ao motor de gasolina de 100 cabalos (que foi o modelo da nosa proba) fainos poñer excesiva atención na nosa condución. Polo demais o coche vai ben, sempre e cando o levemos por riba das 3.000 revolucións, por debaixo desta cifra practicamente non hai vida. A suavidade podémola observar tanto na aceleración, sempre que o levemos alto de voltas, coma nos cambios das marchas.

As características de confort e estabilidade do novo modelo afináronse para que o novo Ceed supere o anterior en termos de dinamismo e pracer de condución. A nova suspensión completamente independente proporciónalles aos condutores unha resposta ao volante máis rápida e áxil, complementada cun axuste revisado dos amortecedores. Todo isto fai que se note no confort interior. Tamén nunha condución exixente este compacto non nos defraudará. Os apoios en curva, o agarre e o equilibrado do seu chasis e suspensión representan un salto espectacular con respecto á anterior xeración. O consumo que fixemos na nosa proba roldou de media os 6,5 litros aos cen quilómetros.

Outro dos puntos fortes deste novo Ceed é a ausencia de ruídos parasitos, tendo unha insonorización bastante boa. O apartado tecnolóxico e de infoentretemento aumentan o grao de comodidade de todos os ocupantes.

Ficha Técnica

- **Motor:** 1.4 CVVT
- **Cilindrada (cc):** 1.499
- **Estrutura:** 4 cilindros en liña
- **Potencia máxima (cv):** 100
- **Par motor en Nm CEE / rpm:** 134 / 3.500
- **Tracción:** Dianteira
- **Caixa de velocidades:** Manual
- **Númerode velocidades:** 6
- **Stop & Start:** Non
- **Dirección:** asistida eléctrica
- **Freos dianteiros / traseiros:** Discos / Discos
- **Lonxitude total (mm):** 4.310
- **Anchura (mm):** 1.800
- **Alto (mm):** 1.447
- **Número de prazas:** 5
- **Volume maleteiro(litros):** 395
- **Combustible:** Gasolina
- **Capacidade do depósito (litros):** 50
- **Suspensión dianteira:** MacPherson
- **Suspensión traseira:** Multibrazo
- **Prezo (euros):** 18.800 (unidade da nosa proba)

á dos seus antecesores e a carga tecnolóxica representa unha das grandes apostas da marca, xunto a un equipamento de serie e a garantía máis ampla que se ofrece actualmente.

Probablemente a motorización do noso vehículo de probas non sexa a máis idónea para este modelo. Nós escolleriamos alguna superior e se imos facer moitos quilómetros ao ano optariamos polas versión diésel, seguro que nos fará un mellor servizo, sobre todo para o peto. Evidentemente temos que esquecernos das "alegres propostas" da ministra do momento.

> "A asistencia para o seguimento do carril é moi interesante

Lembrar por último que Kia nos ofrece unha garantía de serie de sete anos ou 150.000 quilómetros. Algo que deixa claro a fe que a compañía ten nos seus produtos.

do al 981 562 595 Infórmate llamando al 981 562 595 Infórmate llamando al 981 562 595

GRÁFICAS GaraBaL, s.l.
Servicio de Impresión
Figueiras, Codesedas 5 - Telf. 981 56 25 95
15897 Santiago de Compostela
graficasgarabal@graficasgarabal.es
www.graficasgarabal.es

PERSONALIZA TUS CALENDARIOS
de pared, de bolsillo, sobremesa, etc...

con bases ya hechas o como TÚ quieras

AGENDAS TAMAÑO 15x22cm
PERSONALIZADAS
Portada, Contraportada y 16 primeras páginas, totalmente personalizadas a tu gusto

Impresa en Tapa Dura o Semidura

Solicítenos una muestra, compruebe usted mismo la calidad y el resultado final

Unha ollada á nostalxia

Retro Clásica Bilbao 2018

■ XOSÉ ARUFE | TEXTO E FOTOS

Un ano máis a empresa galega Eventos del Motor referente nacional en organización deste tipo de acontecementos, puxo en marcha o oitavo certame "Retro Clásica 2018", unha grandiosa exposición de vehículos, accesorios e recambios clásicos

Este ano, para satisfacer aos nostálxicos afeccionados do norte de España e coa intención de incrementar a presenza de clubs e afeccionados franceses, celebrouse os días 16, 17 e 18 de novembro no BEC (Bilbao Exhibición Centre).

Os bilbaínos son dignos do BEC, unha espectacular megaestrutura dotada dunhas dimensións impresionantes 250.000 metros cadrados, situado nos antigos terreos da factoría Altos fornos de Biscaia, e coroado por un edifico de oficinas (Torre BEC) o segundo edifico máis alto do país vasco, unha localización estratéxica cunha parada da liña 2 de metro practicamente a un paso da entrada principal.

Entre os expositores cabería destacar os vehículos da colección de Miguel da Vía, vehículos da colección de CMV Torre Loizaga e do museo Aguinaga Mercedes-Benz, tamén destacaría o tributo ao Seat 1430, 124, e a cuantiosa exposición dos Volkswagen Escaravello ao conmemorarse os oitenta anos do seu lanzamento.

Ademais da exposición, durante a xornada do sábado e o domingo tamén puidemos gozar do Motorshow, un espectáculo de destreza ao volante e ao manillar Durante esta xornada houbo diversas exhibicións de coches de rali, karting, ou acróbatas en moto, cun nutrido equipo na categoría feminina da zona norte.

O sábado na entrega de premios Muller e Deporte desenvoltos na zona norte e organizados por Usansoloko Racing Taldea destacaría a presenza do lendario piloto Emilio de Villota. Como acto de homenaxe e de tributo celebrouse a conferencia "Lección de Vida", do legado de María de Villota, coa presenza do director da Fundación Deporte Novo do CSD, Alfonso Jiménez.

O domingo celebrouse unha competición (xincana) nun circuíto pechado coa presenza de destacados pilotos cántabros, vascos e asturianos, tamén acudiron pilotos convidados do país veciño (Francia).

O redactor de SPRINT MOTOR, Xosé Arufe, diante do BEC


Cadillac Eldorado

Citroën HY

Citroën Rosalie

Ebro

Ford T

Escarabajo

Mercedes Benz

Goggomobil

Mercedes W136

Tiburón

Renault Fregate

Renault 4

◀ BMW R60

Condor ▶

◀ Lube Jack

◀ Lambreta

Monet Goyon ▶

Premeta ▶

◀ Vespa 125

Torrot ▶

Vespa Recosida ▶

◀ KMZ Ñeper

Victoria Bergmeister ▶

A fatiga é unha inimiga da condución

O "Traxe de Sono"

■ REDACCIÓN| TEXTO ■ FORD PRESS| FOTOS

Moitas persoas agradecen que alguén se ofreza como voluntario para conducir nunha noite de festa. Pero o feito de que non estivese bebendo non significa que sexa boa idea que conduza se, por exemplo, está exhausto despois de permanecer esperto toda a noite. A fatiga é un factor importante en ata 1 de cada 5 accidentes de tráfico e, segundo os especialistas, permanecer esperto durante períodos superiores a 18 horas pode afectar a capacidade de condución nun grao comparable ao de superar a taxa de alcolemia.

Ford encargou un "Traxe de Sono" que lles permite aos usuarios experimentar o efecto debilitante que pode ter o cansazo. Os accidentes de tráfico son a principal causa de morte entre os mozos, e a compañía integrará o uso do traxe no seu programa gratuíto de formación de mozos e mozas de 18 a 24 anos.

"Poñéndote ao volante cando estás canso corres o risco de conducir coma un zombi e ser un perigo para ti mesmo, os teus pasaxeiros e todos os que circulan ao teu ao redor", afirma Gundolf Meyer, voceiro do Instituto Meyer Hentschel, que desenvolveu o "Traxe de Sono". "Os mozos sométense moi a miúdo a unha 'privación intencionada de sono', obrigándose a permanecer espertos para 'cumprir' coas esixencias dunha vida social intensa e longas horas de traballo e estudo".

> "A fatiga é un actor importante en ata 1 de cada 5 accidentes de tráfico

Características do traxe

O traxe conta cunhas lentes especiais que simulan un esgotamento extremo, incluídos microsonos, unha resposta incontrolable ao cansazo. Os microsonos poden facer que as persoas que están ao volante conduzan a cegas durante 10" ou máis, ás veces cos ollos abertos, tempo durante o cal poden percorrer centos de metros. As lentes, conectadas a unha aplicación para teléfonos inteligentes, poden axustarse para simular o apagado do cerebro e que o condutor non vexa nada durante medio segundo, e logo durante períodos cada vez máis longos, de ata 10". Xunto cunha gorra, un chaleco e pesos para brazos e nocellos especialmente deseñados, que suman máis de 18 kg, o efecto xeral permite facerse unha idea de como lles afecta o cansazo aos condutores.

Se un pensa que pode estar demasiado canso para conducir o mellor é deter o coche tan pronto como sexa seguro facelo e durmir unha sesta de 20 minutos. Se ao espertar vemos que aínda non estamos preparados para conducir, será o momento de buscar outra forma alternativa para chegar ao destino.

> "Poñéndote ao volante cando estás canso corres o risco de conducir coma un zombi

Reflexións de Matthias Zink sobre os motores de combustión

2040 ano clave

■ REDACCIÓN| TEXTO ■ SCHAEFFLER PRESS| FOTOS

A polémica dos motores de combustión segue e seguro que aínda durará bastante. Todo está aberto. Hai voces a favor e en contra por todo o planeta, como a de Matthias Zink, CEO da división Automotive de Schaeffler. Este executivo dende a súa posición de responsabilidade na súa compañía, ofrécenos o seu punto de vista sobre o borrador da Lei de cambio climático e transición ecolóxica que o Goberno de España preparou.

Esta proposta expón a prohibición da venda de calquera turismo ou furgoneta con motor de combustión, é dicir, propulsados por gasóleo, gasolina, híbridos ou gas natural; a partir do ano 2040. Só se poderán matricular vehículos eléctricos (de batería ou de hidróxeno), co obxectivo de que no 2050 este tipo de vehículos sexan os únicos que roden polas cidades e estradas españolas.

Segundo os estudos elaborados pola empresa de Zink, prevese que no ano 2030 un 30% dos automóbiles que se comercialicen no mundo serán gasolina ou diésel, un 40% híbridos e un 30% puramente eléctricos, xa sexa de baterías ou de hidróxeno. Desta forma, en 2030 o 70% dos automóbiles vai seguir empregando un motor de combustión, que aínda ten un considerable potencial de mellora nos seus consumos e emisións.

> “Temos un problema común que hai que resolver, diso non hai dúbida

Sobre a prohibición dos motores de combustión no noso país Matthias Zink opina que “o primeiro que quero dicir sobre este tema é a maneira na que nós tratamos de traballar nestes problemas. Participamos en diferentes asociacións é círculos profesionais para recoller información de todo tipo. Tentamos facer os nosos deberes como provedor da industria, para tentar previr que se fagan cousas irracionais”.

Zink cre que “o que temos que facer é realizar un traballo consecuente de enxeñería, controlando todo o proceso non só ao nivel do automóbil, senón pensando na extracción da enerxía e en todos os elementos relacionados, é dicir, un enfoque “well to wheel” (da fonte á roda). Temos un problema común que hai que resolver, diso non hai dúbida. Pero afirmar que a solución é prohibir todos os motores de combustión en 2040 é un erro tendo en conta a estrutura enerxética actual. Necesitamos traballar na xeración de enerxía con fontes renovables e para que os construtores poidan fabricar coches ou sistemas de mobilidade que a xente normal poida pagar. Tratar de solucionar o problema das emisións cunha prohibición completa non ten sentido. Vemos máis eficaz tratar de resolvelo establecendo obxectivos razoables, como no caso das emisións de CO2; e que haxa unha competición técnica aberta entre os fabricantes para alcanzar eses obxectivos. Iso é moito mellor que establecer prohibicións, abordando só unha parte do problema, mentres seguimos queimando carbón nas centrais térmicas para producir electricidade”.

A prohibición non é o camiño

Para este executivo prohibir os motores de combustión en 2040 non é o camiño correcto. Segundo el, “quizais esa transición sería tecnicamente viable para a industria. Pero, haberá as infraestruturas necesarias? Terán eses coches un custo razoable? Haberá suficientes baterías de ión-litio e cun custo por quilowatt aceptable? Eu coido que non”.

> “O que temos que facer é realizar un traballo consecuente de enxeñería

Comenta que “un exemplo que podemos tomar para aprender son todas as prohibicións que se están facendo para os diésel, que aínda que nalgúns casos son correctas, noutros non teñen sentido. Comprobamos que estas normas foron erróneas, xa que produciron un incremento das emisións de CO2. Así que nuns anos haberá que volver a permitilos e perderiamos un valioso tempo, empurrando a industria para tomar un camiño equivocado. Nunca vivira unha situación tan complexa nos meus 25 anos de experiencia na industria, pero non nos imos render. Temos argumentos e estudos para abordar todos os problemas no seu conxunto, nos automóbiles, e tamén na xeración, distribución e almacenamento da enerxía”.

A ciberseguridade nos automóbiles

■ REDACCIÓN | TEXTO ■ UXÍA QUEIRUGA | INFOGRAFÍA

Os novos tempos traen complicacións que eran impensables tan só hai unha década. A seguridade xa non é só cuestión de ter uns bos freos e moitos airbag.

Dende hai anos, os coches non deixan de incorporar novas tecnoloxías: Bluetooth, GPS, Wifi ou chaves intelixentes son algúns dos sistemas xa habituais nos automóbiles. En moi pouco tempo, todos os vehículos estarán conectados a Internet e entre si, e tamén coas infraestruturas. Á parte das vantaxes que estes sistemas achegan, tamén entrañan un risco importante, porque son portas de entrada ao vehículo que poden aproveitar os modernos ciberdelincuentes.

Unha vez que accedeu (de forma física ou remota), un *cracker* pode roubar os datos do vehículo e os dos seus ocupantes. Incluso podería tomar o control do propio vehículo, sempre que este non ofreza un nivel importante de ciberseguridade.

> “Un *cracker* pode roubar os datos do coche e os dos seus ocupantes

A empresa española Eurocybcar acaba de desenvolver o primeiro test que verifica o nivel de ciberseguridade dos vehículos novos. Esta iniciativa nace cun dobre obxectivo: en primeiro lugar, comprobar o nivel de protección dun automóbil fronte a ciberataques contra os sistemas conectados do vehículo, que se poden levar a cabo de maneira física ou a distancia. En segundo lugar, valorar como afectan esas accións á seguridade dos pasaxeiros, á súa privacidade e tamén á propia integridade dos sistemas do propio coche.

O Peugeot 203, o ave fénix da marca francesa

■ ANA COSTOYA | Textos ■ SPRINT MOTOR | Fotos

Cúmprense setenta anos dunha das presentacións dun automóbil que máis recordarán na compañía francesa Peugeot. O seu modelo 203 vía a luz no Salón do Automóbil de París en 1948, un momento de extrema tensión para a empresa.

Tras a Segunda Guerra Mundial, Francia atopábase nun estado ruinoso e a planta de Peugeot en Sochaux, controlada polos nazis ata 1944, foi obxecto de varios bombardeos e accións de sabotaxe. Peugeot centrouse na reconstrución da súa reputación a sabendas de que non ía ser unha tarefa doada e, para iso, decidiu arriscarse. Mentres as demais marcas presentaban berlinas da preguerra e pequenos vehículos pensados para as clases populares, Peugeot deu un paso adiante e decidiu apostar polo segmento medio, orfo de modelos dende a Segunda Guerra Mundial.

Con liñas clásicas e elegantes, o corpo do Peugeot 203 contaba cun atractivo frontal cromado, con dous faros redondos integrados na carrozaría e un capó rematado en punta na que figuraba a marca da compañía xunto un león ruxindo. A súa estética redondeada converteu ao coche nunha icona dos anos 50 en Francia. A súa elegancia non impediu que tamén se convertese en sinónimo de fiabilidade e prestacións polo motor de 1.293 centímetros cúbicos e 42 cabalos, unha reputación que Peugeot soubo conservar ata a gama actual.

> “A súa liñas redondeadas converteu ao coche nunha icona dos 50 en Francia

A aposta pola innovación tamén se realizou no aspecto técnico no que primou o comportamento do vehículo na estrada, a seguridade e a eficacia na freada. A súa caixa de cambios de catro velocidades, cunha cuarta velocidade sobremultiplicada, foi a precursora das actuais transmisións de cinco e seis velocidades.

Rexurdindo dende as cinzas, o Peugeot 203 tamén ergueu o nome da compañía nos campionatos deportivos con vitorias tan sonadas como o Raid París-El Cabo de 1950 ou o Rali de Australia de 1953, onde se converteu no primeiro vehículo Peugeot en ser fabricado nese país.

O primeiro modelo de Seat cumpre 65 anos

■ ANA COSTOYA | TEXTOS ■ SPRINT MOTOR | FOTOS



O 13 de novembro de 1954 prendeu a faísca do éxito da marca automobilística española Seat. A compañía levaba tres anos funcionando como sociedade cando a planta situada na Zona Franca de Barcelona paríu o primeiro Seat 1400, un vehículo que non só marcou a historia da empresa senón tamén a de moitos españois.

A elegancia da curva dominaba a silueta do automóbil inspirado nos vehículos americanos da época, coa forma traseira redondeada e as luces traseiras cónicas. O carácter pioneiro estaba da man dos seus parabrisas curvos dunha soa peza, toda unha modernidade para aqueles anos.

> “Orixinariamente o motor era un catro cilindros Fiat de 44cv

Orixinariamente o motor era un catro cilindros Fiat, de 44 cabalos, que lle permitía alcanzar os 120 km/h de velocidade máxima, cunha caixa de cambios manual de catro marchas. Non estaba nada mal para a época na que alcanzou o prezo de 117.000 pesetas, un pouco máis de 700 euros..

O Seat 1400, todo un pioneiro

O Seat 1400 tamén foi un dos primeiros vehículos en Europa en utilizar unha carrozaría autoportante en troques do chasis separado con carrozaría aparafusada. O chasis incorporaba resortes helicoidais na suspensión traseira para xerar un efecto elástico que proporcionaba maior confort, ademais das ballestas lonxitudinais semicantilever que servían para evitar o balanceo do vehículo. A isto, sumábaselle unha barra Panhard que se encargaba do posicionamento transversal do eixo. A modernidade envolvía toda a configuración do vehículo.

Éxito de Seat

Os 925 empregados da factoría catalá ensamblaban cinco vehículos ao día e, pronto, o número foi aumentando a medida na que subía o éxito do histórico Seat 1400. Se ben a compañía contaba con 1.345 unidades fabricadas en 1954, ao ano seguinte alcanzaron as 3.000. Un ano despois, en 1956, chegaron mesmo ás 7.000 unidades. Ao final da comercialización deste exitoso modelo, conseguíranse vender 98.978 unidades.

Dentro destas cifras, cóntanse as diferentes evolucións que experimentou este modelo ao longo dos anos. Durante a súa existencia, o 1400 gozou de diferentes versión: 1400 A, B, B Especial e C. Todas elas trouxeron consigo importantes melloras, tanto mecánicas como estruturais. O que quedou patente é que Seat tiña garantida a súa posición no mercado e na historia da automoción no noso país.



A actualidade do motor

Triunfos e desilusións

Fin de tempada

■ MIGUEL CUMBRAOS | TEXTOS ■ TOMÁS CUMBRAOS DÍAZ/MCA/SPRINT MOTOR | FOTOS

Sexto título. Para o piloto alacantino Miguel Fuster, desta volta aos mandos dun Ford Fiesta R5 no CERA. Ao veterano piloto de Benidorm chegoulle con ser terceiro no derradeiro envite do ano, o *Rali Race Comunidade de Madrid,* onde venceu o asturiano "Cohete" Suárez. O coruñés Iván Ares, segundo nesta manga, quedou subcampión, non pudendo renovar a coroa obtida un ano antes.

Sexto tamén. Foi o triunfo obtido polo catalán Xevi Pons no nacional de terra, vencendo na derradeira cita do ano, tamén en Madrid, a onde o piloto de Skoda xa chegaba como campión do ano en curso. O resultado acadado neste ralí deulle ao ourensán Javier Pardo o subcampionato absoluto aos mandos do coñecido Suzuki N5.

Dobrete. O acadado polos pilotos galegos na opción Suzuki, a derradeira carreira foi o Rali de Madrid. Berdomás, que no autonómico de ralis foi subcampión do Volante FGA, venceu na categoría absoluta, mentres que Iago Gabeiras levou o apartado Júnior.

Recompensa. A que terá o xove piloto coruñés Roberto Blach. No Rali Casinos do Algarve, puntubale no campionato portugués de ralis, levou a novidosa Copa Peugeot Ibérica; monomarca que se disputou en diversos ralis españois e lusos. O de Arteixo terá como

Emocionante. Así foi o citado rali do sur de Portugal, derradeira manga do certame do país veciño e onde se decidía o título. Fontes (Citroën DS3), Teodosio (Skoda Fabia) e Armindo Araújo (Hyundai I20), os tres con coches R5, chegaban con opcións. Ao final o título foi para o piloto da marca coreana, cunha unidade preparada pola estrutura leonesa RMC.

Campión. O piloto de Cerdedo, Juan Campos proclamouse campión de España na división 5 dentro do CER. Foi na derradeira carreira, celebrada en Montmeló, onde o piloto de Terra de Montes competiu co seu habitual Renault Clio.

Estrea vitoriosa. Nas terras lucenses da Ulloa, onde se disputaba a derradeira proba do galego de ralis, xa sentenciado a favor de Víctor Senra. Alberto Meira apostou por un Fiesta N5 co que venceu comodamente, sendo escoltado no podio por Alberto Otero (Clio N5) e Fernández Valcárcel (EVO VIII). Noutra orde de cousas, o rali decidiu todos os títulos pendentes, que foron a parar a mans de Tino Iglesias (Top Ten Pirelli), Jorge Cagiao (Volante FGA), Rubén Gandoy (AMF) e Pérez Fojón (Recalvi).

www.codigocero.com

DIARIO DE NOVAS TECNOLÓXICAS DE GALICIA

Sigue a última hora de todo o que che interesa en materia de I+D+i. O noso boletín diario é o de maior difusión por subscrición en Galicia, tal como o amosan os máis de 3.000 subscritores que reciben no seu correo electrónico un resumo de xeito gratuíto do máis destacado en materia de novas tecnolóxicas.
A que agardas? Subscríbete XA!

Síguenos en:

R5. Falando de Alberto Meira, vencedor en Salvaterra e Ulloa, subcampión galego no 2018, dispón xa dun coche novo. Tras vender o seu incombustible Mitsubishi, o de Vincios adquiriu o Citroën DS3 R5 co que competiron os irmáns Vallejo nas tempadas 2016 e 2017. De momento Meira non ten claro que programa afrontará coa súa nova unidade.

Europeo. Dúas probas galegas asentadas en campionatos nacionais van ter dimensión europea no 2019. Estamos a falar do rali de Ferrol, que contará para o CERA no mes de xullo e tamén para o TER ("Tour European Rali"). E o Rías Altas, puntuable para o nacional de históricos en outubro, que se inclúe no mesmo certame, pero da súa categoría.

Poucas novidades. No calendario galego de probas do 2019, que seguro que variará certas datas durante o exercicio. As incorporacións aparecen na montaña, con inéditas subidas en Marín e Dumbría, así como en ralimix, onde se incorporan Valga e Arteixo. Outros matices son a nova data do rali Comarca da Ulloa, que pasa a marzo, e a denominación do Ribeira Sacra, que pasa a ser Ourense-Lugo-Ribeira Sacra.

GAMA LEXUS 100% HÍBRIDO

Tecnología híbrida autorrecargable

LEXUS GALICIA-BREOGAN AUTOLUX S.L.

Avda. das Mariñas, 288 - 15172 Perillo - Oleiros (A Coruña) - Tel. 981 160 444
Ctra. de Camposancos, 141. Nave 3 - 36213 Vigo - Tel. 986 203 320
Ctra. de la Coruña, Km. 36/38 - 27003 Lugo - Tel. 982 264 246

www.lexusauto.es/lacoruna

LEXUS
EXPERIENCE AMAZING